Preparación de banquetes a domicilio - Preparación de banquetes a domicilio	• Exemplificación dun suposto práctico sobre prreparación de banquetes a domicilio tendo en conta os seguintes parámetros: Contratación do banquete. / Visualización do local ou espacio dispoñible. / Estudio de material e maquinaria necesarios. / Desprazamento de materiais, xéneros e persoal. / Planificación e distribución de mesas, cadeiras, etc., segundo estructura de montaxe contratada. Aportación dun suposto práctico sobre a preparación de banquetes a domicilio Explicación sobre o montaxe e posta apunto, previo o servizo Explicación sobre o transporte de manxares segundo tipo de menú, aplicando as normas hixiénico-sanitarias correspondentes.	• Realización dun exercicio sobre a preparación de banquetes a domicilio segundo un suposto práctico aportado polo profesor. Montaxe e posta apunto, previo o servizo. Realización dun informe sobre o transporte de manxares segundo tipo de menú, aplicando as normas hixiénico-sanitariascorrespondentes.	• Realizacións dos supostos prácticos, Informes	• Equipo informático, proxector, Material multimedia, Supostos prácticos, Internet, Diferentes modelos de documentos, Infraestructura do local	• PE.1 - Contidos da unidade	2,0
Servizo e postservizo de banquetes a domicilio - Servizo e postservizo de						12,0

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
banquetes a domicilio	• Exemplificación dun suposto práctico sobre servizo e postservizo de banquetes a domicilio tendo en conta os seguintes parámetros: Contratación do banquete. / Visualización do local ou espacio dispoñible. / Estudio de material e maquinaria necesarios/ Desprazamento de materiais, xéneros e persoal. / Planificación e distribución de mesas, cadeiras, etc., segundo estructura de montaxe contratada. Aportación dun suposto práctico sobre o servizo de banquetes a domicilio Explicación de postservizo, recollida do local. Realización xunto cos alumnos de servizo de caterings nas súas distintas modalidades, coa colaboración do resto dos ciclos da familia profesional, no que os profesores dos ciclos os alumnos implicados no mesmo, adoptarán os roles tanto de clientes coma de persoal de restaurante, e degustarán os pratos elaborados para despois realizar un análise dos resultados, e avaliar as dificultades que se crean na realización dun servizo nunha cociña satélite para un número elevado de clientes, analizar e propoñer distintas alternativas ó seu servizo, posibilitar a aparición de errores, queixas, reclamacións	• Realización dun exercicio sobre o servizo de banquetes a domicilio segundo un suposto práctico aportado polo profesor. Realización dun exercicio sobre o postservizo de banquetes a domicilio segundo un suposto práctico aportado polo profesor Realización de servizo de caterings nas súas distintas modalidades, coa colaboración do resto dos ciclos da familia profesional, no que os profesores dos ciclos os alumnos implicados no mesmo adoptarán os roles tanto de clientes coma de persoal de restaurante, e degustarán os pratos elaborados para despois realizar un análise dos resultados, e analizar as dificultades que se crean na realización dun servizo nunha cociña satélite para un número elevado de clientes, analizar e propoñer distintas alternativas ó seu servizo, posibilitar a aparición de errores, queixas, reclamacións e resolución de das mesmas, etc..., é dicir,acercar o máximo posible esta práctica ó mundo productivo real.	• Realizacións dos supostos prácticos, Informes	• Equipo informático, proxector, Material multimedia, Supostos prácticos, Internet, Diferentes modelos de documentos, Infraestructura do local	• PE.1 - Contidos da unidade • TO.1 - Practica do alumno • TO.2 - Práctica alumno • TO.3 - Práctica alumno • TO.4 - Práctica alumno	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	e resolución de das mesmas, etc..., é dicir, acercar o máximo posible esta práctica ó mundo productivo real.					
Realización de visitas a empresas de Catering - Realización de visitas a empresas de Catering	• Realización de visitas a empresas especializadas na: Restauración escolar. Restauración a empresas. Restauración a compañías de transporte.	• Realización de visitas a empresas especializadas na: Restauración escolar. Restauración a empresas. Restauración a compañías de transporte	• Avaliación do aproveitamento da actividade, Resumo da visita.	• Instalacións do establecemento.	• PE.1 - Contidos da unidade • TO.4 - Práctica alumno	4,0
					TOTAL	20,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Realización do proceso de facturación	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Atende a clientela no servizo de restaurante e eventos especiais, tendo en conta a relación entre a demanda e os produtos que se sirvan.	NO
RA2 - Serve elaboracións culinarias de diversos tipos, para o que recoñece e aplica as técnicas de servizo e de protocolo.	NO

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Determinar os elementos dunha factura aplicando as tecnoloxía da información, para efectuar o cobramento do servizo 1.2 Analizar o procedemento de atención de suxestións e reclamacións da clientela, e recoñecer as responsabilidades implicadas para asegurar unha correcta atención 1.3 Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, identificando a súa achega ao proceso global para lograr os obxectivos da produción.	1	Modalidades e proceso de facturación	14,0

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
2.1 Determinar os elementos dunha factura aplicando as tecnoloxía da información, para efectuar o cobramento do servizo. 2.2 Analizar o procedemento de atención de suxestións e reclamacións da clientela, e recoñecer as responsabilidades implicadas para asegurar unha correcta atención 2.3 Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, identificando a súa achega ao proceso global para lograr os obxectivos da produción	2	Realización de estatísticas de venda	6,0
		TOTAL	**20**

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.9 Utilizáronse as novas tecnoloxías na toma de comandas.	• TO.1 - Práctica do alumno	S	30
CA2.8 Realizáronse os procesos de facturación e cobramento de servizos, segundo instrucións e normas establecidas.	• LC.1 - Práctica do alumno	S	70
		TOTAL	**100**

4.6.e) Contidos

Contidos
Proceso de facturación segundo a tipoloxía do restaurante. Ciclo de control económico do departamento: obxectivos, áreas implicadas, estruturación de etapas e variantes no proceso.
Sistemas de facturación e cobramento (ao contado e con crédito) en función da tipoloxía da clientela e do restaurante (clientela de hotel e de paso). Diario de produción. Resumo diario de facturación e arqueo de caixa.
0Diferenciación do proceso administrativo de cada sistema de cobramento.
Aplicación de procesos xerais de control e avaliación dos resultados, segundo a tipoloxía do restaurante e variantes de facturación.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Modalidades e proceso de facturación - Modalidades e proceso de facturación	• Explicación da facturación nas súas diferentes modalidades: Manual. / Mecánica./ Informática. Exemplos prácticos de facturación nas súas diferentes modalidades Resolución de diferentes supostos, de trámites de cobro a crédito, en diferentes modalidades. Proposta de sistemas de facturación, segundo tipoloxías de establecementos de restauración. Aportar supostos prácticos cos seguintes datos: Tipo de establecemento, Oferta gastronómica servida, Menú e carta con prezos; para a resolución por parte do alumno de supostos sobre procesos de facturación, de xeito individual, aplicando modalidades manual, mecánica e informática.	• Aplicación práctica da facturación nas súas diferentes modalidades Resolución de diferentes supostos, de trámites de cobro a crédito, en diferentes modalidades. Identificación dos sistemas de facturación axeitados, segundo tipoloxías de establecementos de restauración. Resolución de supostos sobre procesos de facturación, de xeito individual, aplicando modalidades manual, mecánica e informática segundo os datos aportados polo profesor. Resolución de supostos prácticos sobre facturación de servizos de alimentos e bebidas. Aplicación de facturación con soportes informático e mecánico. Entrega de traballos sobre supostos de facturación: Manual. / Mecánica./ Informática.	• Exercicio Documentación cuberta polo alumno, Modelos de fichas de incidencias, Modelos de documentos nas súas distintas modalidades, Traballos entregados	• Equipo informático, proxector, Material multimedia, Supostos prácticos, Internet, Medios informáticos de facturación, Diferentes documentos relacionados cos contidos en papel e sistema informático, Infraestructura do local	• LC.1 - Práctica do alumno • TO.1 - Práctica do alumno	14,0
Realización de estatísticas de venda - Realización de estatísticas de venda	• Aportación de supostos prácticos de datos de facturación para a realización de estatísticas de venta (diarias, semanais, mensuais, anuais) e análise dos resultados.	• Partindo dos datos de facturación de supostos aportados polo profesor, realización de estatísticas de venta (diarias, semanais, mensuais, anuais) e análise dos resultados. Realización mediante probas escritas de estadísticas sobre ás ventas.	• Exercicio Documentación cuberta polo alumno, Modelos de fichas de incidencias, Modelos de documentos nas súas distintas modalidades.	• Equipo informático, proxector, Material multimedia, Supostos prácticos, Internet, Medios informáticos de facturación, Diferentes documentos relacionados cos contidos en papel e sistema informático, Infraestructura do local	• LC.1 - Práctica do alumno • TO.1 - Práctica do alumno	6,0

TOTAL	**20,0**

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo "Servizos en Restaurante e Eventos Especiais" evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe contemplados no curriculo correspondente dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver. Asemade dado que se trata de ensinanzas presenciais o alumno/a deberá asistir regularmente as actividades programadas, consirandose perda de avaliación continua cando o número de faltas supere o 10% da duración do módulo, tal e como establece a ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
Os MÍNIMOS EXIXIBLES para acadar a avaliación positiva do módulo serán os que se indican en cada UD como Criterio de Avaliación mínimo esixible.

CA AVALIADOS EN PROBAS PRÁCTICAS
Efectuarase unha proba que corresponderá ao criterios de avaliación nos que se identificará o saber facer do alumnado por trimestre (no suposto de ser considerada necesaria), durante o desenvolvemento das mesmas informarase ao alumnado dos aspectos que se valoraran e a puntuación de cada un deles, os resultados da proba serán documentados por escrito.
- Cumprimento da normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental. A Uniformidade profesional e o material de traballo, será imprescindible para facer estas probas, do contrario, non poderá facer as probas de que acrediten o saber facer dos C.A correspondentes, non superando o módulo no trimestre que corresponda, debido ao incumprimento da lexislación hixienico-sanitaria. A uniformidade profesional e material de traballo,que será de obrigado cumprimento para a realización das probas procedimentais constará de:
Uniforme completo (zapatos negros, calcetíns negros, pantalón negro, camisa branca, chaleco negro e corbata) perfectamente limpo e pranchado, dous bolígrafos azuis, un tirarollas, un chisqueiro, unha puntilla, tal e como se estableceu no centro e se lle comunicou por escrito ao alumnado ao comezo de curso.
* O incumprimento da normativa de seguridade e hixiene durante o desenvolvemento das actividades practicas suporá a expulsión da aula, e a consideración da falta como grave ou moi grave
* A ausencia total ou parcial de uniformidade ou do material profesional de caracter persoal ,impedirá a participación nas actividades de taller, e , impedirá a participación nas actividades prácticas para garantizar a seguridade tanto súa coma dos seus compañeiros, podendo en todo caso, participar nas clases como ointe.

Non se realizan recuperación parciais das probas que acrediten o saber facer, por trimestre, polo que se considerará recuperada unha avaliación non superada cando o alumno obtén un 5 ou máis na seguinte avaliación trimestral, neste apartado.

Contexto de actividades na aula-taller:
* Valorarase que o alumno realice correctamente as actividades previamente propostas e explicadas polo profesor.
* Valorarase que o alumno sexa capaz de facer fronte a imprevistos xurdidos no desenvolvemento da resolución das actividades.
* Valorarase que o alumno faga as tarefas (posta punto, execución, supervisión e recollida) que terán a calidade mínima esixible dacordo coas instrucións proporcionadas previamente polo profesor, e que en todo momento serán desenvoltas conforme a normativa.
A cualificación final do trimestre calcularase realizando unha ponderación entre o número de probas realizadas na avaliación e a cualificación de cada unha delas.

CA AVALIADOS DE FORMA ESCRITA
Realizarase unha proba individualizada na que o salumnado deberá plasmar os coñecementos e deberá demostrar asimilación das competencias básicas relacionadas coa materia impartida ata a data da realización da proba. Poderanse realizar dúas probas (opcionalmente poderá realizarse un por unidade didactica). Para a superación deste apartado, será necesario que o alumnado acade un mínimo de 4 puntos en cada unha das probas, do contrario, non superará o módulo no trimestre que se trate.
* Poderanse facer probas tipo test que inclúan preguntas con respostas alternativas en relación co temario proporcionado previamente o alumno. Estas probas realizaranse en calquera momento do trimestre, cando o profesor o estime oportuno. Para acadar unha avaliación positiva o alumnado deberá acadar unha puntución mínima de 5 puntos. As preguntas falladas non serán obxeto de desconto.
* Tamén se poderán facer probas de desenvolvemento de conceptos ou do saber facer (supostos prácticos incluídos).
* A cualificación total deste apartado resultará da realización da media entre as cualificacións obtidas e o número de probas de coñecementos (tipo) realizadas durante o trimestre.
* Nas probas de coñecementos sobre o temario impartido, ao lado do enunciado da pregunta farase constar ao valor numérico da mesma.
Serán de obrigada oferta por parte do profesor, cando como mínimo o 50% do alumnado non acade unha avaliación positiva.

- Traballos gráficos, documentais, de investigación e/ou oral
Traballos documentais ou TICs: non poderá encomendarse máis de un traballo por trimestre. A entrega de traballos de documentación en tempo e forma, valorarase de forma positiva cunha suma de 1 punto por trimestre, (sempre e cando a media entre os CA que acrediten o saber facer e os CA de que acrediten os coñecementos sobre o temario sumen un total de 5 ou máis, polo contrario, non sumarán), ata acadar a nota máxima permitida (10) no trimestre.
Na avaliación final ponderarase a nota obtida neste apartado nos tres trimestres.

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN serán os seguintes:
-Probas que acrediten os coñecementos sobre o temario, que poderán incluir, tests, preguntas de desenvolvemento, supostos prácticos, resolución de exercicios, traballos monográficos, cadernos de taller ou de fichas técnicas,¿ e que suporán a porcentaxe indicada en cada unha das UDs para este tipo de Instrumento de Avaliación.

-Táboas de Observación, que se aplicarán sobre determinados procedementos realizados polo alumno e que suporán a porcentaxe indicada en cada unha das UDs para este tipo de Instrumento de Avalición.
-Outros, a aplicar por exemplo en probas de producción en aula taller, que se poderán valorar por exemplo con táboas de indicadores e que suporán a porcentaxe indicada en cada unha das UDs para este tipo de Instrumento de Avaliación.

PROCEDEMENTOS XERAIS
* A cualificación parcial ou final obterase da suma de todos os apartados.
* Os alumnos cunha avaliación negativa o final do último trimestre, realizaran as actividades de recuperación propostas polo profesor do módulo consistindo estas no expresado no apartado 6 da programación didáctica do módulo profesional que se trate.
* Para a superación final do módulo a cada alumno/a pediráselle a consecución dos mínimos esixibles en cada unha das Unidades didácticas do módulo formativo.
* As probas deberán ser corrixidas no prazo máximo de 2 semanas.
* As probas cualificaranse sempre sobre valores numéricos totais de 10 (ou os seus múltiplos)
- A nota final do modulo será a suma promediada dos apartados anteriores, tendo en conta á hora do redondeo a influencia positiva dos aspectos actitudinais (referentes á profesión), así coma as anotacións feitas no caderno do profesor.
- O redondeo da nota de avaliación trimestral. quedaría como segue: se a cifra decimal é igual ou superior a 5 redondéase á nota inmediatamente superior. (exemplo: si a nota é 5.75, a nota redondeada será 6.)
- Non se efectuarán exercicios destinados a suba de nota para os alumnos de ensinanzas profesionais.
- Si un alumno/a non supera unha avaliación ao longo do período ordinario, terá que facer unha proba final que consistirá en amosar as destrezas e coñecementos que inclúan tódolos contidos mínimos expresados na programación.
- Para acadar unha avaliación positiva precisarase acadar un mínimo de 5 puntos ponderados entre as probas dos CA que acrediten o saber facer e os CA que acrediten os coñecementos sobre o temrio impartido.
- Para a avaliación final do modulo promediarase a totalidade das probas que acrediten o saber facer nas aulas taller CA correspondentes) e as probas que crediten que se superaron os CA que xustifiquen os coñecementos do temario co obxeto de obter a cualificación numérica dos respectivos apartados.
Na avaliación final promediarase a nota dos CA con carácter teórico, e ponderarase en base aos criterios establecidos, coa última nota do apartado dos CA con carácter práctico (valorándose este último polo procedemento de avaliación continua).

Porcentaxe da cualificación das UD's:
U.D.1 35%
U.D.2 15%
U.D.3 10%
U.D.4 20%
U.D. 5 10%
U.D.6 10%

A entrega de traballos será de obrigado cumprimento por parte do alumnado, en tempo e forma, para poder optar as probas que se realicen en cada avaliación, do contrario suporá que , o alumnado non supra o módulo no trimestre que se trate.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación serán para aqueles/as que non acaden os resultados de aprendizaxe contemplados nos contidos mínimos.
Segundo o resultado da avaliación, para aqueles alumnos que amosen algunha dificultade na asimilación de contidos, e segundo as observación no día a día faráselles, se se cree convinte, unha adaptación intentando que acaden as capacidades previstas.
O alumno, para superar o módulo deberá aprobar cada unha das unidades didácticas, en caso contrario deberá recuperar as unidades correspondentes mediante a superación dunha proba que acredite os coñecementos sobre o temario impartido, se os fallos son conceptuais, sendo necesario repetir determinados exercicios na aula taller, se a deficiencia mostrada polo alumno é de procedemento e destreza nas operacións.
Os alumnos que necesiten recuperar algunhas das unidades de traballo desenvolvidas, recibirán un apoio esencial para superar os CA do saber e do saber facer antes de ser definitivamente avaliados.
Antes do inicio do período de recuperación, realizarase unha proba de coñecementos xeral. O alumnado que non superara algunha proba obxectiva escrita poderá recuperala. O alumnado que superara todas as probas obxectivas, non poderá subir nota.
O alumando que non supere algunha actividade que demostre o saber e o saber facer despois das actividades de reforzo, deberá realizar o período de recuperación. Para elo, recibirán clases de reforzo e recuperación naqueles conceptos e procedementos que resultasen avaliados negativamente, sendo avaliados no mes de xuño.

Durante o curso o proceso de recuperación para os CA que demostren o saber facer realizarase a través dun proceso de avaliación continua.
Mentres para os CA de que demostren os coñecementos sobre o temario, realizaranse probas de recuperación escritas, para aquelas unidades didácticas nas que o alumno non fose quen de acadar unha avaliación positiva ou unha calificación mínima de cinco puntos (5 puntos). Os exercicios de recuperación puntuaranse con un máximo de 5 puntos (apto)
Para os alumnos que ao remate da 2ª avaliación non teñan acadado os mínimos esixibles, habilitarase un proceso de recuperación presencial durante marcado polo centro, que abarcara os mínimos non acadados polo alumno, e para o cal se emitirá informe individualizado ao remate da segunda avaliación avaliación.
Este proceso de recuperación será avaliado mediante:
-Actividades prácticas similares as realizadas ao longo do curso na aula/taller/obradoiro, que o alumno presentará en tempo e forma (a criterio do profesor).
-Nunha proba que acredite o alumno acada os CA mínimos esixibles dos exames non superados ao longo do curso , na que terá que aprobar cunha nota mínima de 5.
- Non se poderá gardar parte aprobada se fose o caso.
O alumnado que non supere este módulo, recibirá un informe individualizado, no que se detallarán os CAs mínimos esixibles, non acadados e que deberá acadr no vindeiro curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua terase en conta o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011. O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, a docente valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación das faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro, puidendo seguir asistindo a clase con carácter presencial, salvo en actividades que impliquen riscos. Tal e como establece a normativa vixente no seu artigo 25.4, a profesora poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

O alumnado con perda do dereito á avaliación continua deberá realizar unha proba de avaliación que terá como referente a totalidade dos criterios de avaliación do módulo. Esta proba terá carácter teórico e práctico e poderá estar dividida en dúas ou tres partes que se desenvolverán nas correspondentes xornadas:

- Actividades prácticas similares ás realizadas ó longo do curso na aula/taller/obradoiro.
- Proba teórica conceptual de todo o módulo que terá que aprobar cunha nota mínima de 5.

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 na ponderación final dos CA.

A avaliación consistirá en probas que acrediten a superación dos CA mínimos esixibles, tanto sobre os contidos conceptuais como dos contidos procedimentais e terá lugar ó final do terceiro trimestre, nas datas marcadas para tales probas.
O alumnado será orientado previamente sobre a forma de realiza-las probas.

Neste proceso de avaliación, o alumnado deberá demostrar que acadou cada un dos contidos mínimos esixibles detallados na presente programación e obter un 5 nas citadas probas.
A este respecto e para informar ao alumnado, o centro enviará un apercibimento cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total, indicando que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumulase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia acaden a citada porcentaxe, comunicarase a perda do dereito á avaliación continua. Na secretaría do centro quedará constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Salientar a importancia da propia avaliación deste documento para comprobar se realmente acada a súa finalidade. A tal fin, aplicaranse os seguintes criterios:

Adecuación dos contidos recollidos na programación para conseguir as aprendizaxes propostas e a súa adecuación as características do ámbito produtivo e as necesidades do alumnado.
Valoración do seguimento da programación na reunión de ciclo, que se celebrará cunha periodicidade mensual, onde se analizará o grado de cumprimento da programación no referente á temporalización, contidos impartidos e as actividades realizadas conforme ó programado inicialmente.
Periodicamente os alumnos cumprimentarán un cuestionario anónimo para avaliar a práctica docente.
Ao finalizar o mes de xuño farase unha memoria final do desenvolvemento da programación, na que consten as posibles modificación para o seguinte curso.
Sistemática a empregar para lle dar a coñecer ó alumnado a información relativa a programación :
O inicio do curso se lle explicará o alumnado os seguintes aspectos da programación:
Unidades didácticas: cos seu criterios de avaliación, contidos e temporalización, as actividades a realizar en cada unha delas cos distintos instrumentos de avaliación, e o peso dos distintos CA na cualificación .
Farase especial fincapé aos criterios de cualificación e aos mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva .
Tamén se explicarán a normas de conducta, hixiene e deontoloxía profesional a manter no desenrolo das clases.
O seguimento/xestión se fará na plataforma das programacións da consellería.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Na primeira quincena do curso se lle entregará ó alumno un cuestionario de coñecementos previos sobre a materia.
O titor/a do grupo na sesión de avaliación inicial aportaranos a información dispoñible dos alumnos sobre: características xerais do grupo, e as específicas académicas ou persoais con incidencia educativa.
Durante o curso ao inicio de cada unidade didáctica realizarase tamén unha avalición inicial, fundamentalmente a través dun pequeno coloquio ou con treboadas de ideas, no que se lle efectuarán aos alumnos preguntas relacionadas cos temas a tratar.
O seguimento da programación terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ó alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Medidas atención á diversidade:
Na medida do posible tratarase de detectar casos de alumnos/as que requiran unha atención especial referente ao seu proceso de aprendizaxe.

Unha vez detectadas esas dificultades, o alumno/a será obxecto dun seguimento especial nos diferentes aspectos a tratar da materia, propoñéndoselle novas actividades específicas de apoio.
Para ó alumnado con NEE procederáse a solicitara a flexibilización modular, de acordo cos art 15 e 16 da Orde 16 Xullo 2011 de avaliación e acreditación das ensinanzas de FP
Medidas de reforzo educativo:
Para potenciar os conceptos e procedementos nos/nas alumnos/as que por calquera causa teñan dificultades na consecución dos obxectivos. Os/as alumnos/as que se atopen en estas circunstancias realizarán:
Exercicios específicos para os alumnos que non acaden os obxectivos mínimos.
Exercicios de consolidación: para os/as alumnos/as que acadando os contidos mínimos teñen certas dificultades nalgún concepto ou procedemento.
Medidas de ampliación: Para os alumnos que superen amplamente os obxectivos do módulo.
As medidas de ampliación serán:
Exercicios especiais para os alumnos que demostren un dominio notable de conceptos e procedementos.
Exercicios de investigación por parte dos alumnos de temas non tratados na aula. Estes exercicios variarán segundo a unidade didáctica de que se trate.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no curriculo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:
Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto polo medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación..
Educación para a saúde: O desempeño profesional respetuoso co medio, cumprindo coa normativa de seguridade e prevención de riscos laborais, e fortalecedor da calidade e da mellora continua da súa actividade e do espírito emprendedor. É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.
Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.
Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático,talleres,...)
Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.
Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico-práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade

cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Contarase coa colaboración de profesionais do sector que serán invitados a participar de forma activa na formación do alumnado, a través de charlas, conferencias, catas, debates, etc. tratando temas e expoñendo casos que se relacionen directamente con temario do módulo, sempre que sexa posible.

Os/as profesionais procederán de ámbitos coma: aloxamentos turísticos, empresas de restauración, asociacións de hostalaría, empresas de animación ou de publicidade, así como da administración turística galega etc...

Visitaranse empresas do sector: restaurantes, hoteis, empresas de catering, etc....en visitas organizadas, acompañadas polo profesorado do módulo para ter unha visión real do sector, sempre que sexa posible e o alumnado traballe coa solvencia que o permita.